- A realización de investigacións sinxelas que impliquen a aplicación práctica a un caso concreto da metodoloxía do razoamento económico axudará a entender a economía como algo real, útil e próximo que permita transitar desde o particular ao xeral.

- Acceso a textos xornalísticos da prensa diaria ou especializada e uso da prensa dixital, así como do material ou gravacións videográficas de espazos televisivos onde se traten temas relacionados coa materia e que presenten propostas concretas de actividades que sirvan para vincular os contidos desenvolvidos na aula cos acontecementos económicos cotiáns. Consulta de páxinas web de determinados organismos públicos, institucións ou empresas que poden proporcionar información interesante para a materia coa finalidade da realización de traballos individuais ou en grupo do alumnado, con exposición oral ou escrita posterior das ideas propias ou dos resultados dos traballos realizados.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR

Os materiais e recursos didácticos a utilizar, serán os seguintes:

Aula: Ordenador portátil, programas, canón, pizarra dixital e acceso a internet.

Apuntes facilitados polo profesor, online e en papel.

Fichas de exercicios e de noticias para acadar o desenvolvemento dos Estándares de Aprendizaxe (EA) sinalados.

Eva-Edixa e Aula Virtual: todos o alumnado dispón de ordenador Edixgal e terá apuntes, exercicios e recursos dispoñibles nesta plataforma e na aula virtual do centro.

7.- CRITERIOS SOBREA AVALIACIÓN,CUALIFICACIÓN, CORRECCIÓNEPROMOCIÓNDALUMNADO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR ESTANDARD DE APRENDIZAXE		
Bloque1. Ideas económicasbásicas		
Estándares de aprendizaxe	Avaliación/s	Criteriosde avaliación
ECB1.1.1.Recoñece escaseza de recursos e anecesidade de elixire tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía,e comprende que todas as elecciónssupoñenrenunciar a outras alternativas e que todasas decisiónsteñen consecuencias.	1ª	B1.1. Explicar a economía como cienciasocial e avaliar o impacto permanentedas decisiónseconómicas na vida das persoas.
ECB1.1.2.Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos,e identifica as súas vantaxes,os seus inconvenientes e as súas limitacións.	1ª	
ECB1.2.1.Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	1ª	B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos,e familiarizarse con eles.
ECB1.2.2.Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	1ª	

ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custode de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	1ª	
ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	1ª	B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.
ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	1ª	
Bloque 2. Economía e empresa		
Estándares de aprendizaxe	Avaliación/s	Criterios de avaliación
ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas	1ª	B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e dos/das socios/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.
ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	1ª	

ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuarse no seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	1ª	
ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	1ª	B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.
ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	1ª	
ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	1ª	B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.
ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos	1ª	B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.
ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e	1ª	B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.

as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.		
ECB2.5.2. Valora a carga que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	1ª	
Bloque 3. Economía persoal		
Estándares de aprendizaxe	Avaliación/s	Criterios de avaliación
ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	2ª	B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.
ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro	2ª	
ECB3.1.3. Manexa gráficos de análise que permiten comparar a realidade personalizada coas previsións establecidas.	2ª	
ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros a longo prazo. Esa	2ª	B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.

planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.		
ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do	2ª	B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.
ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	2ª	
ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	2ª	B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.
ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigacións que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se	2ª	
ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e	2ª	

analiza os procedementos de reclamación ante estas.		
ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	2ª	
ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas na etapa da vida.	2ª	B3.5. Coñecero concepto de seguro e a súa finalidade.
Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado		
Estándares de aprendizaxe	Avaliación/s	Criterios de avaliación
ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	2ª	B4.1. Recoñecere e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amosee a distribución.
ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	2ª	
ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos	2ª	

gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.		
ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	2ª	
ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a	2ª	B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.
ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	2ª	B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.
ECB4.3.2. Interpretar gráficos representativos da distribución da renda	2ª	
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego		
Estándares de aprendizaxe	Avaliación/s	Criterios de avaliación
ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	3ª	B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.
ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	3ª	

ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	3ª	
ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	3ª	B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.
ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	3ª	
ECB5.2.3. Investiga e reconece vieiros e tendencias de emprego.	3ª	
Bloque 6. Economía internacional		
Estándares de aprendizaxe	Avaliación/s	Criterios de avaliación
ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	3ª	B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.
ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que influen nel.	3ª	
ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos	3ª	

contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.		
ECB6.1.4.Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	3ª	
ECB6.1.5.Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades do desenvolvemento sustentable.	3ª	

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Serán obxecto de cualificación os seguintes conceptos:

A cualificación dividirse entre apartados. Promedio das probas escritas, puntuación obtida polas diferentes tarefas propostas (Cdt- maioritariamente através da plataforma Eva-Edixgal), traballo práctico na aula (TP- realización de exercicios, revisión de caderno ou apuntamentos). As probas escritas constituirán o 80% da nota, e o 20% as tarefas descritas anteriormente.

1ª AVALIACIÓN: (TEMAS 1-2-3)

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Bloque 1. Ideas económicas básicas
 Bloque 2. Economía e empresa.

PORCENTAXES CUALIFICACIÓN FINAL

- 80% nota media exames: faranse os exames por avaliación, a cualificación será a nota que resulte da media aritmética dos exames.
- 20% Actividades: faranse actividades tanto na plataforma Eva-Edixgal, na aula virtual e na aula ordinaria. A cualificación será a nota que resulte da media das actividades realizadas.

Actividades Edixgal e Aula Virtual: as actividades que se desenvolverán serán as seguintes:

- “O aire: ben libre ou económico?”
- “Noticias de economía”
- “Gasto público en educación e sanidade”
- “Repsol –RSC”
- “¿Con IVA ou sen IVA?”
- “A gran cooperativa láctea galega”
- “Exercicio eficiencia técnica e económica”
- “Exercicio ingresos, costes e beneficios”

○“Granxas galegas axustan costes de produción”

Ademais utilizaranse varios vídeos para introducir, aclarar, ampliar ou repasar algúns dos contidos da unidade didáctica.

NOTA: Estas actividades poden ser modificadas ao longo do trimestre.

- Actividades e exercicios propostos na aula: entre as actividades propostas están as seguintes:

○ Exercicios de Fronteira de Posibilidades de Produción.

○ Preguntas verdadeiro/falso sobre o contido dos distintos temas.

○ Preguntas tipo test sobre os contidos dos distintos temas.

○ Exercicios de costes de oportunidade.

○ Exercicios de cálculo e interpretación da produtividade e o produto marginal.

○ Exercicios de costes, ingresos e beneficios.

○ Exercicios sobre as distintas fontes de financiamento

NOTA: Estas actividades poderán ser modificadas ao longo do trimestre, co obxectivo de adecuarse mellor ás características do grupo e a evolución do alumnado e a materia.

2ª AVALIACIÓN: (Temas 4-5-6)

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE: Bloque 3. Economía personal.
 Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado

PORCENTAJES CUALIFICACIÓN FINAL

- 80% nota media exames: faranse dous exames por avaliación, a cualificación será a nota que resulte da media aritmética dos dous exames.
- 20% Actividades: faranse actividades tanto na plataforma Eva-Edixgal, na aula virtual e na aula ordinaria. A cualificación será a nota que resulte da media das actividades realizadas.

Actividades Edixgal e Aula Virtual: as actividades que se desenvolverán serán as seguintes:

- o “Imaxina o teu futuro: ornamento personal”
- o “Rendibilidade da última subasta do Tesouro Público”
- o “Cotizacións de accións – Ibex 35”
- o “As cláusulas chan: reclamacións bancarias”.
- o “Banca online – BBVA”
- o “A banca online si ten prezo.”

○“Evolución do déficit público e da débeda pública e relación entre estas dúas variables macroeconómicas”

○“Evolución do PIB en España: representación gráfica e interpretación dos resultados”

Ademais utilizaranse varios vídeos para introducir, aclarar, ampliar ou repasar algúns dos contidos da unidade didáctica.

NOTA: Estas actividades poden ser modificadas ao longo do trimestre

- Actividades e exercicios propostos na aula: entre as actividades propostas están as seguintes:

○ Exercicios de clasificación de gastos e límites do endebedamento.

○ Exercicio de elaboración dun ornamento persoal.

○ Exercicios verdadeiro e falso, sobre os contidos dos temas .

○ A Curva de Lorenz: representación gráfica e interpretación dos resultados.

○ O Índice de Desenvolvemento Humano: procura de datos, interpretación e evolución, comparando os países desenvolvidos cos non desenvolvidos.

○ Búsqueda de información sobre distintos conceptos dos temas e análise dos mesmos.

○ Exercicios tipo test sobre os contidos dos temas anteriores.

NOTA: Estas actividades poderán ser modificadas ao longo do trimestre, co obxectivo de adecuarse mellor ás características do grupo e a evolución do alumnado e a materia.

3ª AVALIACIÓN: (Temas 7-8-9)

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego
 Bloque 6. Economía internacional

PORCENTAXES CUALIFICACIÓN FINAL

- 80% nota media exames: faranse dous exames por avaliación, a cualificación será a nota que resulte da media aritmética dos dous exames.
- 20% Actividades: faranse actividades tanto na plataforma Eva-Edixgal, na aula virtual e na aula ordinaria. A cualificación será a nota que resulte da media das actividades realizadas.

Actividades Edixgal e Aula Virtual: as actividades que se desenvolverán serán as seguintes:

- o “Vivir en cartos”
- o “Evolución do paro en España”
- o “Evolución do IPC en España”
- o “AEPF: ¿Como se elabora?”

○ Os obxectivos do Milenio de Nacións Unidas.

Ademais utilizaranse varios vídeos para introducir, aclarar, ampliar ou repasar algúns dos contidos da unidade didáctica.

NOTA: Estas actividades poden ser modificadas ao longo do trimestre.

- Actividades e exercicios propostos na aula: entre as actividades propostas están as seguintes:

○ Exercicios verdadeiro e falso, sobre os contidos dos

temas. ○ Exercicios tipo test sobre os contidos dos temas

anteriores ○ Exercicios prácticos de tipos de xuros.

○ Búsqueda de información na páxina web do SEPE, en páxinas como “Infojobs”, etc., ofertas actuais de emprego, e analizar requisitos, condicións, etc.

○ Elaboración dun currículo e carta de presentación persoal.

○ Traballo sobre os aspectos positivos e negativos da Globalización.

○ Búsqueda de medidas concretas para resolver os problemas medioambientais actuais.

○ Actividade de cálculo da pegada ecolóxica.

- Traballo por parellas sobre os ODS (obxectivos de desenvolvemento sostible)
- AUE: principios institucións e as súas funcións. Países membros e UEM.
- Búsqueda de información e posterior análise crítica do PIB per cápita mundial.
- Búsqueda de información e posterior análise crítica do IDH mundial.

NOTA: Estas actividades poderán ser modificadas ao longo do trimestre, co obxectivo de adecuarse mellor ás características do grupo e a evolución do alumnado e a materia.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Na valoración das probas escritas, das actividades da aula virtual e das actividades e exercicios propostos na clase, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Axustar o contido aos puntos establecidos en cada actividade en concreto.
- Presentación, corrección ortográfica e gramatical.
- Desenvolvemento e análise realizado da actividade proposta.
- Aportación persoal.
- Entrega na data ou datas establecidas.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN: tendo en conta os aspectos descritos no punto anterior, os criterios utilizados serán os seguintes:

CRITERIO DE CORRECCIÓN	PORCENTAXE APLICADA SOBRE A NOTA ASIGNADA ÁO CRITERIO CORRESPONDENTE				
AXUSTAR O CONTIDO OS PUNTOS ESTABLECIDOS EN CADA ACTIVIDADE (50% nota actividade)	100% Axústase perfectamente a todos os puntos establecidos	75% Axústase case na súa totalidade aos puntos establecidos	50% Axústase en metade dos puntos establecidos	25% Axústase só a algúns puntos establecidos	0% Non se axusta en ningún dos puntos establecidos na actividade
DESENVOLVEMENTO E ANÁLISE REALIZADO DA ACTIVIDADE PROPOSTA (25% nota actividade)	100% Desenvolve e analiza perfectamente os distintos puntos da actividade proposta	75% Desenvolve e analiza case na súa totalidade os distintos puntos da actividade proposta	50% Desenvolve e analiza en metade dos distintos puntos da actividade proposta	25% Desenvolve e analiza un 25% dos puntos da actividade proposta	0% Non desenvolve nin analiza os distintos puntos da actividade proposta
PRESENTACIÓN, CORRECCIÓN ORTOGRÁFICA E GRAMÁTICA	100% Presenta con total corrección ortográfica e gramática e cuidando	75% Ten algunhas fallos de presentación ou na ortografía e gramática, pero	50% Ten bastantes fallos de presentación, na ortografía ou na gramática	25% Ten moitos fallos na presentación, na ortografía ou na gramática	0% Os fallos de presentación, ortografía e gramática dificultan ou imposibilitan a

(10% notada actividade)	a presentación da actividade	senser de gravidade			comprensión e a corrección da actividade
APORTACIÓN PERSOAL (15% notada actividade) NOTA: cando non sexa requirida a aportación persoal, a puntuación desta criterio repartirase do seguinte modo: - 10% contidos establecidos - 5% desenvolvemento e análise	100% Presenta, argumenta e analiza con sentido crítico a realizar a aportación persoal	75% Presenta, argumenta e analiza con sentido crítico, aínda que non todo o solicitado na aportación persoal	50% Presenta, argumenta e analiza con sentido crítico soamente algún dos aspectos requiridos na aportación persoal.	25% Presente, argumenta e analiza con sentido crítico moitos poucos dos aspectos requiridos na actividade	0% Non presénte, argumenta e analiza con sentido crítico a aportación persoal solicitada na actividade
ENTREGA NA DATA OU DATA ESTABLECIDA	A ACTIVIDADE NON SERÁ CORREXIDA CANDO SI SE ENTREGA FOR A DATA ESTABLECIDA (QUE SEMPRE SERÁ COMUNICADA A OS ALUMNOS)				

CRITERIOS DE CORRECCIÓN DOSEXERCICIOS PRÁCTICOS: tantos nas probas escritas, exercicios e actividades da clase ou casa e actividades da aula virtual, indícase a puntuación de cada un dos exercicios, e para a súa corrección aplicanse os seguintes criterios:

- C1: O alumno/a indica e fai plantexamento correcto do exercicio a resolver: 25% da puntuación.
- C2: O alumno/a fai correctamente o cálculo matemático: 25% da puntuación.
- C3: Indica as unidades (se é necesario): 25% da puntuación (No caso de non ser necesario este 25% sumárase ao C1: plantexamento correcto)
- C4: Explica os resultados obtidos (cando así se lle indique): 25% da puntuación. (No caso de non ser necesario este 25% sumárase ao C1: plantexamento correcto)

CRITERIOS DE CORRECCIÓN DAS REPRESENTACIÓNS GRÁFICAS: tantos nas probas escritas, exercicios e actividades da clase ou casa e actividades da aula virtual, indícase a puntuación de cada un das representacións gráficas para a súa corrección aplicanse os seguintes criterios

- G1: O alumno/a indica correctamente as variables representadas en cada eixe e representa correctamente a división en cada un dos eixes (tendo en conta as escalas): 25% da puntuación.
- G2: O alumno/a representa correctamente a gráfica solicitada: 50% da puntuación.
- G3: O alumno/a realiza as explicacións necesarias da gráfica: 25% da puntuación. En caso de non ser necesario esta explicación, este 25% sumárase ao G2 (representación correcta)

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Criterios de promoción para a avaliación final ordinaria.

Tras a realización das tres avaliacións parciais, haberá unha avaliación final da materia no que todo alumnado será avaliado de forma global atendendo ás seguintes posibilidades:

A. Alumnado coa materia superada.

Considérase que **un/a alumno/a superou a materia** cando a media das tres avaliacións parciais é igual o superior a 5.

Neste caso o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e avaliación final dedicarse a *actividades de reforzo e ampliación* deseñadas polo profesor.

Neste caso, o traballo de ampliación repercutirá positivamente na nota cun incremento de ata un 10%.

B. Alumnado coa materia non superada.

Considérase que **un/a alumno/a non superou a materia** cando a media aritmética dunha ou máis avaliacións parciais é inferior a 5.

Neste caso o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e avaliación final dedicarse a *actividades de reforzo e recuperación*.

B.1. Cando a recuperación se corresponda con toda a materia ou a materia de avaliacións parciais, o alumnado realizará as actividades e as probas correspondentes a devandita materia que se calificará do seguinte xeito:

Actividades de reforzo e recuperación	10%
Proba final	90%

B.2. No caso de que un alumno non supere a materia por ter unha parte ou máis cunha avaliación negativa (unidade didáctica, contidos, destrezas...) realizará as actividades de recuperación pertinentes nas devanditas partes a superar. A ponderación de ditas actividades para o cálculo da nota final será a mesma que a establecida nos criterios de cualificación establecidos na presente programación.

Avaliación de pendentos.

Non é posible ter esta materia como pendenteporque,oubenrepite4º de ESOoupromociona.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E APRÁCTICA DO CENTE

Nesta fase inicial laborarase unhas táboas que figurarán tres columnas: Os EA, a temporalización prevista por avaliación e a temporalización real.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR ESTANDARD DE APRENDIZAXE		
Bloque 1. Ideas económicas básicas		
Estándares de aprendizaxe	Temporalización prevista	Temporalización real

ECB1.1.1.Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	1 ^a	
ECB1.1.2.Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	1 ^a	
ECB1.2.1.Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	1 ^a	
ECB1.2.2.Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	1 ^a	
ECB1.2.3.Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	1 ^a	
ECB1.3.1.Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	1 ^a	
ECB1.3.2.Aplica razóns básicas para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	1 ^a	
Bloque 2. Economía e empresa		
Estándares de aprendizaxe	Temporalización prevista	Temporalización real
ECB2.1.1.Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	1 ^a	
ECB2.1.2.Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	1 ^a	

ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	1ª	
ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	1ª	
ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	1ª	
ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	1ª	
ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	1ª	
ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	1ª	
ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	1ª	
Bloque 3. Economía persoal		
Estándares de aprendizaxe	Temporalización prevista	Temporalización real
ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	2ª	

ECB3.1.2.Utiliza ferramentas informáticas na preparación de desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	2ª	
ECB3.1.3.Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	2ª	
ECB3.2.1.Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas a marcha da actividade económica nacional.	2ª	
ECB3.3.1.Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	2ª	
ECB3.3.2.Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	2ª	
ECB3.4.1.Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	2ª	
ECB3.4.2.Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	2ª	
ECB3.4.3.Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	2ª	
ECB3.4.4.Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garantan a seguridade na súa operativa.	2ª	
ECB3.5.1.Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas na etapa da vida.	2ª	

Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado		
Estándares de aprendizaxe	Temporalización prevista	Temporalización real
ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	2ª	
ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	2ª	
ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	2ª	
ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controla a súa execución.	2ª	
ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	2ª	
ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	2ª	
ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	2ª	
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego		
Estándares de aprendizaxe	Temporalización prevista	Temporalización real
ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	3ª	

ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	3ª	
ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	3ª	
ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	3ª	
ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	3ª	
ECB5.2.3. Investiga e reconece vieiros e tendencias de emprego.	3ª	
Bloque 6. Economía internacional		
Estándares de aprendizaxe	Temporalización prevista	Temporalización real
ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	3ª	
ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que influen nel.	3ª	
ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	3ª	
ECB6.1.4. Reconece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	3ª	

ECB6.1.5. Reflexion sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	3ª	
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----	--

9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non é o caso como indicamos anteriormente.

10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Inicialmente proporemos unha proba de avaliación inicial para ver o nivel que parte do alumnado dado que é a primeira vez que cursan a materia de Economía.

Oa análise dos resultados da proba axudaranos a adaptar as clases a diversidade do alumnado e os distintos niveis de aprendizaxe reforzando e aprofundando nos contidos en cada caso segundo sexa preciso.

A avaliación inicial do alumnado realizase a primeira semana do curso. Nestes casos dado que é a primeira vez que cursan Economía non é preciso deseñar Plan de reforzo ou recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2021-22.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No mesmo momento de impartir os contidos, haberá unha atención á diversidade do alumnado. Ademais, nos EA que poden ser máis

complexos de asimilar por determinado alumnado, que adoitan estar relacionados coas partes prácticas, proporans en numerosos exercicios de dificultade variable en función das propias necesidades do mesmo, así como actividades de ampliación e reforzo.

Así mesmo, proporans diferentes actividades ao longo do curso para o alumnado con dificultades para asimilar os graos mínimos dos EA, así como actividades de ampliación para aqueles que desexen profundizar nos mesmos. Todas estas actividades serán propostas a través da plataforma Eva-Edixgal.

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA CADA CURSO

O longo do curso proporans diferentes actividades complementarias e extraescolares para aprofundar no coñecemento da Economía.

Entre outras actividades propóñense as seguintes:

- Charlas, mesas redondas ou coloquios sobre economía, como a charla sobre “Dixitalización e tendencias futuras” realizada por unha poñente da Fundación obra social de Abanca.
- Visita a algunha empresa galega, para poder ver o proceso productivo e as distintas actividades levadas a cabo pola empresa.

13.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A través da análise mensual dos contidos desenvolvidos, poderán e deberán producirse modificacións na programación, para así incidir nos problemas e carencias detectadas. Estas modificacións ou propostas de mellora serán tidas en conta nas actas do departamento, por avaliación en memoria final do curso

PROGRAMACIÓN
ECONOMÍA DA EMPRESA
2º BACHARELATO

ÍNDICE:

1. Introducción e contextualización.
2. Obxectivos do bacharelato.
3. Contribución a desenvolvemento das competencias claves.
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - a) Temporalización
 - b) Grao mínimo de consecución para superar a materia
 - c) Procedementos e instrumentos de avaliación
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.
6. Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.
7. Criterios sobre avaliación, cualificación, corrección e promoción do alumnado.
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
11. Medidas de atención á diversidade.
12. Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso.
13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
14. Orientacións e criterios de avaliación do grupo de traballo de Economía da Empresa da CIUG.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como un haramada económica especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por un habanda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que tratan calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas.

É a economía contemporánea onde achamos a plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización de funcionamento, e os factores que influen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase en bloques seguintes: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos; "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión, localización, e das estratexias de crecemento; "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa; "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles; "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos; "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisan a toma de decisións en ocumprimento das obrigas fiscais; e finalmente "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisións de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura dos resultados.

A materia permite o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentiva a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuído ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

Neste curso hai un grupo de Economía da Empresa con 20 alumnos de 2ª bacharelato C.

2.- OBXECTIVOS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecere e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e mellorado do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida. j)

Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación dos métodos científicos.

k) Coñecere e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. ñ)

Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuirá á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES

Estándares de aprendizaxe(EA)que configuran os diferentes perfís de competencia

Perfil de competencia en comunicación lingüística(6,90% da avaliación por competencias)

EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolve e os obxectivos que procura dentro do sistema.

EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, evalora a transcendencia futura para a empresa das decisións.

EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.

EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.

EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.

EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.

EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.

EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos postos que recaen sobre a empresa e destaca as principais diferenzas entre eles.

EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e longo prazo, así como o custode cada una e as implicacións na marcha da empresa.

EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.

Perfil de competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(34,48% da avaliación por competencias)

EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónas coas necesidades de capital e coas responsabilidades para cada tipo.

EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.

EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.

EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.

EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, evalora a transcendencia futura para a empresa das decisións.

EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.

EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.

EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.

EEB2.1.6. Describe as características das estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.

EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relacióna coa capacidade para competir dende o ámbito global.

EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.

EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.

EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.

EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propoñer melloras.

EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo as alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.

EEB4.1.2. Analiza e evalora a relación entre a produtividade e os salarios dos/da traballadores/as.

EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.

EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerada ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.

EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaa graficamente.

